

**CEIP SESTELO-BAIÓN**

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)  
[ceip\\_sestelo\\_baiou@edu.xunta.es](mailto:ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es)  
Tlf. 886 15 18 98

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO: CEIP DE SESTELO BAIÓN. VILANOVA DE AROUSA**  
**CURSO: 5º EDUCACIÓN PRIMARIA**  
**MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA**  
**DATA: 12-05-20**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

Os coñecementos científicos intégranse no currículo da educación primaria para proporcionar ao alumnado as bases dunha formación científica e tecnolóxica que lles axude a desenvolver as competencias necesarias para comprender, desenvolverse e interactuar nunha realidade cada vez máis cambiante.

A través da área de Ciencias da Natureza os alumnos e alumnas iníciase no desenvolvemento das principais estratexias da metodoloxía científica, tales como a capacidade de formular preguntas, identificar problema, formular hipóteses, planificar e realizar actividades, observar, recoller e organizar a información relevante, sistematizar e analizar os resultados, sacar conclusións e comunicalas, traballando de forma cooperativa e facendo uso de forma adecuada dos materiais e ferramentas.

Os bloques de contido que articulan a área son os seguintes:

- Bloque 1. Iniciación á actividade científica.
- Bloque 2. O ser humano e a saúde.
- Bloque 3. Os seres vivos.
- Bloque 4. Materia e enerxía.
- Bloque 5. A tecnoloxía, obxectos e máquinas.

Os contidos da área están interrelacionados cos doutras áreas polo que se potenciará un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 8	CENTRO: CEIP DE SESTELO BAIÓN- VILANOVA DE AROUSA CURSO: 5º DE PRIMARIA, 2019-2020 MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA
--	---------------	---

**CEIP SESTELO-BAIÓN**

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)  
[ceip\\_sestelo\\_baiou@edu.xunta.es](mailto:ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es)  
Tlf: 886 15 18 98

As competencias clave que se traballan nesta área son:

- Competencia en comunicación lingüística . (CCL)
- Competencia en comunicación matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CCMCT)
- Competencia dixital. (CD)
- Competencia en aprender a aprender. (CAA)
- Competencias sociais e cívicas. (CSC)
- Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
- Competencia en conciencia e expresións culturais. (CCEC)

Así mesmo, poñerase especial atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

**[Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia](#)**

**CEIP SESTELO-BAIÓN**

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)  
[ceip\\_sestelo\\_baiou@edu.xunta.es](mailto:ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es)  
 Tlf: 886 15 18 98

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

**CIENCIAS DA NATUREZA 5º DE PRIMARIA**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>BLOQUE 1- INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</b>	
B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados a partir da consulta de fontes e comunicando os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información, analízaa e comunica os resultados. CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos. CNB1.1.4. Manexa estratexias para acceder á información dos textos de carácter científico seleccionados polo titor. CNB1.1.5. Efectúa búsquedas guiadas de información na rede.
B1.2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia.	CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.	CNB1.3.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. CNB1.3.2. Coñece as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación. CNB1.3.3. Coñece algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.

**CEIP SESTELO-BAIÓN**

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)  
[ceip\\_sestelo\\_baiou@edu.xunta.es](mailto:ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es)  
 Tlf: 886 15 18 98

<p>B1.4. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar algunha conclusións.</p>	<p>CNB1.4.1. Realiza experiencias sinxelas e pequenas investigacións, enunciando hipóteses, e extraendo algunha conclusión e comunica os resultados.</p> <p>CNB1.4.2. Presenta un informe, elaborado con axuda, de forma oral e escrita, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de experiencias sinxelas e pequenas investigacións.</p>
<p><b>BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE</b></p>	
<p>B2.1. Identificar e localizar os principais órganos e iníciase no recoñecemento da súa implicación na realización das funcións vitais do corpo humano.</p>	<p>CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano.</p>
	<p>CNB2.1.2. Identifica os aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.</p>

**CEIP SESTELO-BAIÓN**

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)  
[ceip\\_sestelo\\_baiou@edu.xunta.es](mailto:ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es)  
 Tlf: 886 15 18 98

<p>B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida.</p>	<p>CNB2.3.1. Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e comunica a información que recolle.</p> <p>CNB2.3.2. Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora con axuda menús variados identificando as prácticas saudables.</p> <p>CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.</p>
<p><b>BLOQUE 3. OS SERES VIVOS</b></p>	
<p>B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas.</p>	<p>CNB3.1.1. Identifica a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas.</p>
<p>B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.</p>	<p>CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos.</p> <p>CNB3.2.2. Utiliza guías con axuda na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas.</p>
<p>B3.3. Coñecer as principais características e compoñentes dun ecosistema.</p>	<p>CNB3.3.1. Coñece e explica as principais características e compoñentes dun ecosistema.</p> <p>CNB3.3.3. Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies.</p>
<p><b>BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA</b></p>	

**CEIP SESTELO-BAIÓN**

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)  
[ceip\\_sestelo\\_baiou@edu.xunta.es](mailto:ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es)  
 Tlf: 886 15 18 98

<p>LB4.1. Coñecer materiais segundo as súas propiedades observables: dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica.</p>	<p>CNB4.1.1. Coñece e clasifica materiais segundo algunhas propiedades da materia.</p>
<p>B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para determinar de maneira aproximada a masa e o volume dun corpo e observar a flotación de obxectos nun medio líquido.</p>	<p>CNB4.2.1. Utiliza diferentes procedementos para determinar de maneira aproximada a masa e o volume dun corpo.          CNB4.2.2. Identifica a diferenza entre masa e volume.          CNB4.2.3. Observa e explica as principais características da flotación nun medio líquido.</p>
<p>B4.3. Identificar e explicar algunhas das características das fontes de enerxía renovables e non renovables.</p>	<p>CNB4.3.1. Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables.</p>
<p><b>BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS</b></p>	
<p>B5.1. Planificar e construír, de forma cooperativa, un circuíto eléctrico simple que responda a un problema dado, atendendo ás normas de seguridade.</p>	<p>CNB5.1.1. Observa e identifica os elementos dun circuíto eléctrico e constrúe un.          CNB5.1.2. Observa, identifica e explica algúns efectos da electricidade da vida cotiá.</p>

**CEIP SESTELO-BAIÓN**

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es

Tif. 1

2. Avaliación e cualificación	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b> Avaliarase ao alumnado a partir das avaliacións anteriores e estes procedementos adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020. Terase en conta a actitude de motivación e esforzo sempre en positivo e a implicación no proceso de ensino-aprendizaxe, a evolución dende a avaliación inicial, os intercambios orais cos alumnos/as, as probas específicas, a observación sistemática e a análise das producións dos alumno/as realizados na aula durante os dous trimestres anteriores.</p> <p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Posta en común.</li> <li>-Caderno individual de clase.</li> <li>-Probas obxectivas.</li> <li>-Probas abertas.</li> <li>-Exposición dun tema.</li> <li>-Diario de clase.</li> <li>-Traballos de aplicación e síntese.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</b></p> <p><b>-1ª Avaliación:</b> computará un 45% do total da cualificación final do curso.</p> <p><b>-2ª Avaliación:</b> computará un 45% do total da cualificación final do curso.</p> <p><b>-3ª Avaliación:</b> valorarase a realización das tarefas encomendadas durante o período de atención educativa non presencial cun 10% do total da cualificación final do curso. Faise constar que durante esta avaliación traballárase na recuperación e reforzo dos estándares de aprendizaxe non acadados polo alumnado nas dúas primeiras avaliacións.</p>



**CEIP SESTELO-BAIÓN**

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)  
[ceip\\_sestelo\\_baion@edu.xunta.es](mailto:ceip_sestelo_baion@edu.xunta.es)  
 Tlf: 886 15 18 98

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>-Propóñense semanalmente <b>actividades de repaso</b> dos contidos explicados durante o primeiro e segundo trimestre de maneira presencial. <b>Poñerase especial atención</b> á diversidade do alumnado e na atención individualizada</p> <p>-Propóñense tamén semanalmente <b>actividades de ampliación</b>.</p> <p>-Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, proporanse <b>actividades de reforzo</b>, en coordinación co equipo de orientación (departamento de pedagogía terapéutica).</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A metodoloxía será <b>activa e participativa</b>, potenciando a variedade de materiais e de recursos educativos dixitais de calidade para axudar ao alumnado e ás familias nesta situación.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p><b>Recursos materiais:</b> Libros de texto físicos do alumnado, libros dixitais, documentos e fichas pdf, descargables, audiovisuais, artigos científicos, enlaces e recursos en rede, ... todo organizado por datas na <u>plataforma <b>Agueiro</b>, ferramenta corporativa de creación de portafolios dixitais educativos.</u></p> <p><b>Recursos humanos:</b> Profesorado de aula e profesorado de PT e AL.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>A través da <u>plataforma <b>Agueiro</b></u> ferramenta corporativa de creación de portafolios dixitais educativos e/ou por correo de dita plataforma.</p> <p><u><b>Videoconferencias</b></u> a través da <u>plataforma de tele-educación coa tecnoloxía <b>Cisco Webex</b></u>. Novo servizo habilitado pola <b>Xunta de Galicia</b> para o ámbito docente.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>